

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA “TALENTO EN FORMACIÓN” PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS INVESTIGADORES/AS POSTDOUTORAIS NO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL, PRAZAS 2022/CP/048 E 2022/CP/049

O 19/04/2022, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC a convocatoria de contratación xunto coa memoria para a selección e contratación de persoal investigador asociado a tempo completo.

O 07/06/2022 publicouse a resolución provisional coas solicitudes recibidas e a valoración correspondente, de acordo cos criterios que se establecen na memoria de contratación, outorgando un prazo de cinco días hábiles para presentar reclamacións.

O 07/06/2022, Laura Pantoja presenta unha reclamación por disconformidade no motivo de exclusión da convocatoria.

O órgano de selección desestima a reclamación presentada por Laura Pantoja, manténdose a valoración que se lle outorgou no Criterio D, debido a que o proxecto de investigación presentado non se pode considerar aliñado con ningunha das liñas de especialización do Campus Industrial: robótica industrial, materiais, optimización de procesos industriais, enxeñería naval e offshore, xestión e desenvolvemento do industrial.

O órgano de selección propón a contratación das seguintes persoas:

Michaud, Florian Guy Bernard, praza 2022/CP/048
Haholkina, Zoia, praza 2022/CP/049

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o reitor no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo doutros recursos administrativos que se poidan presentar.

A presidenta do Órgano de Selección

María Jesús Movilla Fernández